

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE XULLO DE 2025
POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE AXUDAS
CONCEDIDAS E DENEGADAS NA CONVOCATORIA
DE PROXECTOS PILOTO DE INNOVACIÓN
DOCENTE EN FACULTADES E ESCOLAS DA
UNIVERSIDADE DE VIGO 2025**

Pola Resolución reitoral, de 20 de xuño de 2025 fíxose pública a Convocatoria de proxectos piloto de innovación docente en facultades e escolas da Universidade de Vigo 2025-2026.

Unha vez efectuada a revisión das solicitudes presentadas, de cara a comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

> Aprobar a publicación da listaxe provisional de axudas concedidas e denegadas.

> Establecer un prazo de alegación de tres días hábiles para, de ser o caso, emendar os defectos que motivaron a exclusión. Este prazo comezará a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. Tamén se publicará na páxina de convocatorias:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1628>

> As alegacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER dirixida ao Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado electronicamente en Vigo.

O REITOR Por delegación (RR 30/05/2024-DOG 10/06/2024)

O Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente

D. Alfonso Lago Ferreiro



LISTAXE DE PROXECTOS CONCEDIDOS

Liña 1:

- *Facultade de Comunicación*
Oswaldo García Crespo _____ 10.000 €
- *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía*
Elena Alonso Prieto _____ 10.000 €
- *Escola de Enxeñaría de Telecomunicación*
Pedro Comesaña Alfaro _____ 10.000 €

Liña 2:

- *Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo*
Jesús Vázquez Abad _____ 3.800 €
- *Facultade de Dirección e Xestión Pública*
Xosé Mª Mahou Lago _____ 4.290 €
- *Facultade de Educación e Traballo Social*
Isabel Mociño González _____ 4.000 €
- *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía*
Raquel Pérez Orozco _____ 2.445 €
- *Escola de Enxeñaría de Telecomunicación*
Rebeca Pilar Díaz Redondo _____ 5.000 €
- *Escola Superior de Enxeñaría Informática*
Francisco Javier Rodríguez Martínez _____ 5.000 €

LISTAXE DE PROXECTOS EXCLUIDOS

Liña 1:

- *Escola de Enxeñaría Industrial (*)*
José Fariña Rodríguez

(*) Motivo da exclusión: non está directamente relacionada coas necesidades de virtualización.

